

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

ENTREGA DE PREMIOS DO CERTAME DE XUVENTUDE

Galiza creou

O Teatro Principal de Santiago acolheu a cerimonia, no que os gañadores e finalistas das seis categorías do GZ Crea 2008 recolleron os seus galardóns.

Redacción - 10:10 17/12/2008

A gala comezou coa proxección do primeiro premio da categoría de videocreación, *Metamorfosis II* de Sheila Pazos Silva. Logo tivo lugar a representación da obra de teatro gañadora nesa categoría, *Presas*, obra de Spasmo, do IES Santa Irene. Finalmente, tamén actuou o grupo gañador na categoría de música, *Proyecto Trepia*.

No transcurso da gala entregáronse ademais os premios aos gañadores de Gz Crea 2008 en seis categorías, xa que nas outras sete modalidades xa se foron entregando os galardóns en diferentes eventos. Os premios que se outorgaron no Teatro Principal corresponden ás especialidades de videocreación, música, relato, poesía, teatro e cartelismo. Para cada especialidade establecéronse tres premios, cun importe de 3.000 euros para o primeiro, 1.500 para o segundo e 1.000 euros para o terceiro clasificado.

Os premiados

En Videocreación, os gañadores foron:

1º Premio: Sheila Pazos Silva, de Pontevedra, pola obra *Metamorfosis II*

2º Premio: Alexandre Martínez Pérez, de Pontevedra, pola obra *Proyecto (Trepia)*

3º Premio: Héctor Barandela, da Coruña, pola obra *Pesadelo nocturno en 13591 cadros*

Mención de honra: Lorena Terrón, da Coruña, pola obra *Ego mortis e tamén tango*.

En Música, concedéronse os seguintes premios:

1º premio: Proyecto Trepia, de Pontevedra, polas cancións *A roseira* e *Leghons*

2º premio: Noise Project, de Valga, polas cancións *II* e *A pedra de afiar*

3º premio: compartido entre Os Gru, da Coruña, polas cancións *As movies de Antón de Castro* e *Ti me soas* e Anxo Graña, de Cangas do Morrazo, polos temas *Bailadela* e *Saxos*.

En Relato, os premiados foron:

1º Premio: Iria Ameixeiras Cundíns, de Zas, pola obra *A confraría das palabras*

2º Premio: Carmen Núñez Sande, de Muros, pola obra *Sin título*

3º Premio: Martina Vázquez Suárez, da Coruña, pola obra *Muller en seis pezas*

En Poesía, concedéronse os seguintes premios:

1º Premio: Lara Dopazo Ruibal, de Marín, pola poesía *Dende Illa Peixe*

2º Premio: Valentina Carro Padín, de Cambados, coa poesía *Ciclopes Pintábanse con Rimmel e Saian Angulos*

3º Premio: David Pérez González, da Pobra do Caramiñal, coa obra *Poesía Primeira de Amor, Desamor e Arrefriado*

Mención de honra: Xosé Daniel Costas Currás, de Moaña, pola poesía *Revoluciona(Me)*

En Teatro, os premiados foron:

1º Premio: Spasmo do IES Santa Irene, de Vigo, por *Presas*

2º Premio: Bicodobrelo, de Catoira, pola obra *Comedia bífida*

3º Premio: Andaravía Teatro da A.C. Papaventos, de Vedra, coa obra *Metus Extremus*

En Cartelismo, os premiados foron:

1º Premio: José Domínguez, da Coruña, pola obra *Ven sentir o teatro*

2º Premio: Antía Carbajo Area, de Pontevedra, pola obra *Amósate*

3º Premio: Bárbara Luísa Rodríguez Silva, da Coruña, pola obra *Paso de creacións*

Mencións de honra: -David Cuenca Seijas, de Rois, pola obra *Crea Gz*

-Mónica Bastón Paz, de Pontevedra, pola obra *Esperta a túa testa*

-Ángel David Corral Rodríguez, de Ourense, pola obra *Do que se come se cría*

Novas relacionadas

- [Os tres pés da música tradicional do século XXI](#)
- [Proyecto \['Trepja\] e Noise Project, gañadores do GZCrea 2008](#)